



**Camariñas**  
o mar todo

**PR G**  
**158**

**Ruta Costa da Morte**

Camariñas . A Coruña- Galicia- España

**CAMARIÑAS**



X Búa



## LOCALIZACIÓN

Parroquia de Camariñas do Concello de Camariñas  
Provincia da Coruña - Galicia - España.  
GPS: N:43°07.27,0' W: 009°11.4,98'  
Cartografía: I.G.N. 1:25.000 n° 68-I Camariñas  
I.G.N. 1:25.000 n° 43-III Camariñas  
I.G.N. 1:25.000 n° 67-II Muxía

## DISTANCIA TOTAL/TEMPO

O camiño principal: 22,5 Om. (8 horas.)  
O desvío alternativo: 550 m. (20 minutos.)

## GRAO DE DIFICULTADE/RECOMENDACIÓN

Medio. Levar auga, roupa cómoda e zapatos axeitados para a andaina. No verán, sombreiro e protección solar; en inverno, roupa de augas.

## M.I.D.E.

Nivel de esforzo 1  
Orientación itinerario 1  
Dificultade desprazamento 1  
Esforzo preciso 4

## TIPO DE PERCORRIDO

Circular. Comparte coa Ruta Litoral parte do seu percorrido. Esta ruta pertence á categoría de *Pequeno Percorrido* (PP)

**ESTA RUTA ESTÁ HOMOLOGADA POLA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO COMO PEQUENO PERCORRIDO GALEGO**



## Puntos de interese

1. Restos do Castelo do Soberano
2. Capela Virxe do Monte
3. Praia de Lago. Inicio Rede Natura
4. Coial das Castañas
5. Faro e Cabo Vilán
6. Illote Vilán de fora e Furna dos Infernos
7. Enseada de Arneliña
8. Mámoa de Reira
9. Pedra do Oso
10. Foso dos Lobos
11. Pedra dos namorados de Reira
12. Cabo Trece
13. Cemiterio dos ingleses
14. Praia do Trece
15. Monte Branco
16. Miradoiro das Seixas. Vistas panorámicas
17. Mourín
18. Camariñas

### 1 Restos do Castelo do Soberano

O sendeiro comeza no Castelo do Soberano de Camariñas municipio coñecido polo Encaixe de Palillos. En Semana Santa celébrase a feira Internacional de interese turístico "Mostra do Encaixe de Camariñas" con desfiles de moda e exhibición desta artesanía.

O Castelo foi un fortín militar e defensivo do século XVIII construído na honra a Carlos III, debido ao risco constante de incursións de piratas e pobos invasores.

### 2 Capela Virxe do Monte.

Esta capela do S. XVIII está construída sobre outra do século XVI, nun lugar con espectaculares vistas á ría e a Muxía.

### 3 Praia de Lago

En torno a esta fermosa praia iníciase a zona protexida dentro da Rede Natura 2000 Costa da Morte, no Concello de Camariñas.

### 4 Coidal das castañas

Os coídos son praias de coios redondeados e bloques de tamaño diverso, predominando os bloques. Este é un exemplo dos coiales que atoparemos no camiño.

### 5 Faro e Cabo Vilán

Rodeado dunha paisaxe impresionante atopamos o antigo faro e o Faro Vilán inaugurado en 1896. Primeiro faro eléctrico de Europa. Aquí está sito o Centro de Interpretación de Naufraxios e Sinais Marítimas da Costa da Morte.

### 6 Vilán de fora e Furna dos Infernos

Sito a pé do cabo Vilán e o faro, é Zona de Especial Protección das aves, xa que neste illote aniñan algunhas especies protexidas e en perigo de extinción de Europa: Gaivota Tridáctila (*Rissa tridactyla*) e Arao Común (*Uria aalge*) de España.

A Cova dos Infernos está enfronte ao cantil Cabo Vilán. Formada pola acción do mar e as fases evolutivas das rochas. Soamente pode ser observa dende o alto da Pedrosa, máis adiante nesta ruta.

### 7 Enseada de Arneliña

Con vistas impresionantes sobre o Faro Vilán.

### 8 Mámoa de Reira

Monumentos funerarios do período comprendido entre o Neolítico e a Idade de Bronce. Está preto do Foso dos Lobos e bastante oculto entre a vexetación.

**Este itinerario comeza e remata en Camariñas. Esta ruta faranos gozar dunha paisaxe costeira practicamente virxe salpicada de construcións civís e etnográficas ademais de sorprendentes esculturas pétreas. Este sendeiro comparte parte do seu percorrido coa Ruta Litoral de Camariñas.**

### 9 Pedra del Oso

Escultura pétreo natural en forma de oso.



### 10 Foso dos lobos

É unha construción tradicional do século XVI que servía para dar caza ao lobo empurrándoo por corredores de muros de pedra cara a un pozo fondo.

### 11 Pedra dos namorados de Reira

Dous bloques de pedra parecen dúas figuras unidas polos beizos nun bico.

### 12 Cabo Trece

Tamén chamado Tosto, lugar de naufraxios.

### 13 Cemiterio dos ingleses

Incluído no Itinerario Cultural da Unión Europea dos Cemiterios Singulares. Aquí están enterrados os



### 14 Praia de Trece

Esta fermosísima praia forma un arco dende Cabo Veo até a Punta Rebentada e caracterízase polas súas grandes formacións de dunas e a zona de xunxeiras.

### 15 Monte Branco

Esta duna remontante é xunto cos exemplos de dunas da Enseada de Trece, un elemento único de todo o norte peninsular.

### 16 Miradoiro As Seixas

Zona de turbinas de vento con vistas sobre o Faro Vilán e a ría de Camariñas.

### 17 Mourín 18 Camariñas

Voltamos ao Castelo do Soberano bordeando a vila de Camariñas e percorrendo paisaxes agrogandeiras de aldeas como Mourín ou Buría.

CONCELLO DE CAMARIÑAS

Tfno.:+34 981 73 70 04

[camarinasmar@camarinas.net](mailto:camarinasmar@camarinas.net)

[www.turismocamarinas.net](http://www.turismocamarinas.net)



Concello de  
Camariñas



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

